ACTAS DO CONGRESO INTERNACIONAL
"O EXILIO GALEGO"
(Do24 ao 29 de setembro de 2001)

AS QUINTAS FEIRAS, NO NORTE DÍA A DÍA .....

Margarita Ledo Andión
Universidade de Santiago de Compostela

Aínda non é a fin nen o principio do mundo
Calma, é apenas un pouco tarde
M.A.Pina

Radio e Exilio. Un medio pobre nun non-lugar, o exilio. Unha organización pobre, a Unión do Pobo Galego, UPG, situada na línea de sombra onde non chega o vento. Un país pobre, con imaxe de pobre, coma todo país de emigración, e con fragmentos de resistencia, coma restos cos que construir a súa existencia, a súa escolla, a súa intervención na historia en devalo.

Onte o meu papel foi presentarlles o filme *Castelao*, de Jorge Prelorán, unha hora máis tarde do previsto e para unha sá valdeira. Un filme feito de xeito artesanal, pobre, con materiais extra-cinematográficos, porén, un filme que constrúe o prodixio de situarnos nos acontecementos do século XX.

A experiencia da radio da que lles vou falar situou ao nacionalismo galego contemporáneo no ponto de mira de todas as preocupacións. De procurarlle paralelismo, ou unha certa xinea no exilio republicano, voume para México, para a emisión dos domingos á mañán na que os locutores despedíanse dicindo: Carlos Velo, de Cartelle; Lois Soto, de Vilanova das Infantas –depoixas, Lois Soto de Podente-. Vooume para a Emisora XESM e para os 10 anos de programas antifeixistas ate que un Ministro de Información e Turismo, Fraga Iribarne, colocouno no ponto de mira da súa escopeta de caza: llevan muchos años injuriando a la Patria, replicoulle a Xosé Luis López Cid cando quixo

mediar para erguer o secuestro de *Vieiros*, a revista que editaron cando non puideron seguir co programa de Radio, no aeroporto de Barajas.

Canto a min, eu non podo se non que falar do exilio dende unha perspectiva fenomenolóxica, atravesada pola miña experiencia do exilio e por un exilio diferente ao que provoca a derrota na guerra civil. Un exilio consecuencia da militancia na UPG, un exilio decidido como parte dun programa que na altura chamabamos de liberación nacional e social. Aos 23 anos pasei á clandestinidade. Pasei á clandestinidade no seguemento dunha acción de propaganda –de innovación tecnolóxica nos modos de chamar a atención e de acceder a lugares dificeis para a propaganda- unha acción que foi considerada polo Réxime un "acto de guerra". E dictouse orde de "caza e captura". Era xullo do 1974. En setembro fun enviada ao Portugal post-25 de avril, ao país que podería convertirse na nosa primeira fronteira exhibida, no lugar de proba da relación cun Outro, tan perto/tan lonxe, que apenas si sabía nada da categoría nodal que adoptaba para nós, comunistas galegos, a reivindicación da nación.

Oficialmente retornaría en novembro do 1976, para ir ate o Tribunal de Orden Público, TOP, en Madrid. Ás agachadas cruceie non unha, coma Lois Soto, se non 7 veces 7 o Miño e mais a raia seca. Eís as coordenadas nas que deberán encadrar o meu relatorio. Na fin, e anque xa é un pouco tarde, escoitarase o programa de 16 de xaneiro do 75, emitido polas ondas da radio pública portuguesa no seo do espacio *O Norte día a Día*, e quero que sexa ese programa o que conste nas actas. Como memoria sonora de que existiu o exilio contemporáneo.

Canto á radio, eu que me tiña formado para o exercicio do xornalismo escrito en Barcelona, sempre utilicei esa posibilidade coma un soporte alternativo, coma o lugar no que a voz humana adequire o seu nivel mais outo de credibilidade e de empatía, como o Medio máis hipertáctico e directo, coma a máis versátil, como a luva que lle acae a un obxectivo coma o da axitación. No 1973 participei en Lugo, na SER, no espacio *Galicia Sempre* –cuxa sintonía, o Hino do antigo reino de Galiza, identificaba o noso espacio semanal no Radio Clube Portugués- e no 1985 en Barcelona, dende unha emisora pirata atrais da que estaba Olegario Sotelo, rubricaba un espacio completamente in, *A raia do*

indio, cuxa cabeceira era un agasallo de Luis Seoane, dunha das súas "comunicacións" na radio en Buenos Aires e que me adicara na desparecida Librería Alonso da Praza do Campo de Lugo, xusto o ano que eu remataba a carreira. Entre ambas as dúas miñas incursións na radiodifusión, a emisión, as quintas feiras, sete trinta horas, dende as ondas do Radio Clube Portugués.

Vou esquivar adrede certos residuos de liricismo, ese pensarme a min propia nos tempos do exilio como unha personaxe diferente da que agora lles está a falar; vou coutar calquera sorte de emoción persoal, e non porque ensaie achegas de tipo histórico –que non me cómpre nen estaría en condicións de facer- se non porque considero ese percurso, o exilio, como natural. Porén, o valor que lle apoño ten máis que ver con certos síntomas da incomprensión e dos atrancos que tivo, no seu mesmo proceso de definición e na súa práctica, a esquerda marxista que incorporara na loita antifeixista e democrática a custión nacional. E como non adoito ocultar as fontes, vou darlles, chegado o momento, un, dous, tres nomes.

Denantes continuar –e anque quizaves aparezan datos abondosos sobre o exilio en México, p.e. na comunicación de Elixio Rodríguez- quero expresarlle a miña débeda, tanto no método coma no optimismo, en pensar o imposíbel, en mudar unha peza de lugar para que as cousas poidan avanzar, precisamente a aquela equipa de "axit-prop" que se foi entrenzando arredor do Padroado da Cultura Galega no México e ao camarada de meu, Lois Soto, en particular.

En certo xeito en baixei do Sinaia ou do Ipanema e topeime no peirao de Veracruz, nun non-lugar que só iría acollendo perfil recoñecíbel a traverso da acción. Eles editaran xa no 44 *Galicia bajo el terror*; nós organizamos no setembro de 1975 un mitin no Cinema Batalla –con todas as organizacións da esquerda portuguesa ate o PCP- contra dos consellos de guerra; eles artellaran a Alianza Nazonal Galega; en Porto, na sede do Movimento Democratico Portugués, MDP, presentábase a Asamblea Nacio al-Popular Galega, ANPG –por certo, Vilas Nogueira fora, digamos, que o Conselleiro Portavoz-; eles sacaban o *Boletín de Información Galega* (monolingüe), nós achegabámos ao "interior" (Galiza) os clixés da prensa clandestiña e dende territorio amigo o programa no RCP. Eles, cando os tempos iban andados, fixeron *Vieiros*; nós, en edición

cuidada, as "Bases Constitucionais" para un pacto federal ou un comic lindísimo, diseñado polo Xan Casabella, con todas as cores que pasou pola raia seca. Aos coarenta anos de *Vieiros*, no 1989, nos titulabamos aquela empresa como "O Ultimo organizador colectivo":

> Refuxiados no México, opoñentes que cren na unidade entre experiencia e mais conciencia, entre atitude a mais opinión como parte da idea transformadora do real, un grupo de galegos republicáns resposta ao cese das súas transmisións radiofónicas cunha labazada precisa e altiva: o artellamento dunha revista interdisciplinaria –da Ciencia á Literatura, compría recalcar-, de autores –de letra e de imaxe, compría remachar-, con director artístico –Arturo Souto-, plural no texto e cun perfil editorial fincando na pedra, no buxo, nos metais para que os obxectivos de base foran xa guieiro e todos souberan que tocaban unha revista galega de nación.

Como para eles, Porto era para min o lugar para a propaganda, a infraestructura de apoio ao interior e o establecemento de redes de boas relacións, relacións boas que foran tecendo o pano sutil do recoñecemento e para o que muito me serviu o lectorado de galego na Facultade de Letras –o Doutor Oscar Lopes como Decano-, o grupo coimbrá dos Anibal Almeida, dos Joaquim Namorado, e por entre eles unha persoaxe tirando sempre de min pola man: O Viale Moutinho.

A primeira fronteira, cara o interior e cara o exterior. A seguridade, a solidariedade, o efecto multiplicador: porque a primeira función da progaganda –sábeno vostedes ben- vai cara os nosos, cara os que están a loitar en calquera lugar; a propaganda establece un núcleo de afectos que vai contra do desexo de resignación, que combate o desexo de morte. E nesta función precísase de Igualdade, cómpre contar con medios coma os maís e porque contas con medios coma os mais comezas a pensar que tes folgos dabondo para construir a túa posición. Xa eres coma os que falan dende a Pirenaica –despois escoitaremos a Concha- ou dende Radio Moscú. Eres coma o Manuel Alegre dende Arxel.

Confésolles que eu tentárao xa, dende París, mentres era estudante e maoista. Por aló debeu ficar rexistrada a miña visita –xunto co meu colega Cirilo, da Escola de Xornalismo de Barcelona- á Embaixada da Albania para proporlles de facer un programa antifeixista. Lémbrome do café que nos deran e da frase xa tipificada e optimista do funcionario albanés: En canto as masas comezan a se mover...

Un exilio, díxenlles, diferente do republicano. Eu era, de feito, unha "sen papeis". Eu andaba fóra de historia porque non viña dunha organización recoñecíbel, porque o meu pano de fundo era unha tea de arañeira que Paula Martíns –un dos meus alcumes- ia articulando de modo fragmentario, de modo continxente e cun aquel de melanconía por entre siglas que se chamaban, por esta orde de aparición: LUAR, MES (dende o CIDAC), MDP, MFA, PCP, e a traverso de institucións, por exemplo a Universidade de Porto -para onde as editoriais galegas enviaron un pacote de fundos-, a Cooperativa Arvore, a Fundaçao Gulbenkian -que financiou as I Jornadas de Cultura Galega no Porto-, a livraría Leitura ou estanco de Caminha -onde se vendían a nosa prensa clandestiña- e a traverso de persoas que se chamaron Avelás Nunes/Oscar Lopes; Calvet de Magalhaes ou Cal Brandao, o gobernador do Porto, membro do PSP, que foi unha figura central cando, apos o verán do 1975, comenzou a persecución do estranxeiro por parte da Policia Judiciaria. En fin, sempre por entre todos eles, o Viale Moutinho.

O programa de radio naceu, coma todo, do contacto directo e anque brevísimo no tempo, tén dúas etapas. Unha primeira na que intervén, cabo da miña voz, a dun locutor portugués que, alén de algunhas noticias, fai a presentación: No "Norte días a día", as quintas feiras falamos de problemas que dizen respeito ao pobo galego. E unha segunda etapa, xusto a partires do programa que imos escoitar, na que falo soamente eu. Coma todo o que ten que ver co silencio, a desaparición da voz do locutor profesional non é inocente e voulles contar que foi o que pasou:

> Pasou que un individuo de nome Basilio García foi direitiño ao Cuartel da Rexión Militar do Norte –deduzo que quen lle dá o contacto, sen

> saber da misión, é o capitán Fortes- cunha teima pencha: acalar o estes apenas 15 minutos semanais de emisión. O primeiro que enarbola é que vai en contra da "unidade" e que desapareza, alomenos, a voz do portugués. Para que non se pense, di, que Portugal nos ampara a nós. Ao nacionalismo galego, enténdase ben. Consegue esto último e que eu teña que facer entregar do guión completo de cada programa para que o seu contido sexa revisado pola autoridade

O espacio, porén, segue avante. Ate que o capitán Fonseca, ao frente de dinamización cultural do MFA, ás dúas semanas dá orde de parar a emisión. Paula Martíns -eu- pede unha entrevista que se pasa no Cuartel Xeneral en presencia do meu valedor, o Tenente Coronel Corvacho. Tomo coñecemento, entón, deste ir e vir dun fantasioso informador que mesmo lles deixan caer que eu podería ser da policía franquista. "¿Éo vostede?, guinda de súpeto o Fonseca. Eu só lle resposto, cun lixeiro acaneo da testa, que non.

E o programa continúa ate que un acontecemento exterior, a tentativa de golpe militar do 28 de marzo –coñecida como a do RALIS, por ser o destacamento que, con Denis de Almeida á frente, primeiro se enfrentou á reacción- era preludio da operación preparada por Frank Carlucci, dende a Embaixada americana, para acabar coas perspectivas de revolución.

O programa –ímolo escoitar de seguido- era de tipo informativo, feito cos "medios a bordo", dunha atacada e sen posibilidades de regravación. Axiña se van decatar de que o binomio actualidade/proximidade pretendía misturarse coa análise, coa explicación de contexto e máis cun certo desleixo polo nemigo. A fórmula de contrarios usábase a cachón. Asi, se se falaba da prensa clandestina inmediatamente se daba novas encol a represión, e así por ahí adiante... No "Arquivo Sonoro" do CCG poden escoitar, por exemplo, o programa do 30 de xaneiro do 1975, cáseque monográfico sobre o 25 cabodano d o pasamento de Alfonso R. Castelao e a prohibición de varias conferencias: dende a organizada pola asociación "Amigos da Cultura" de Pontevedra e ate a do "Valle Inclán" de Lugo onde, por certo, ian falar Beiras, Casares e Ferrín. Abofé que eran outros tempos. ¿A música do programa

adicado a Castelao? Por suposto, *A Internacional*. Eran, definitivamente, outros tempos.

O sistema , simples e recoñecíbel, estructuraba o mundo en dous: os malos e os bons. E un aquel de formato estándar -lonxe das imprecacións da axitación- escolleuse para afortalar esa función de organizador colectivo que lle apoñíamos, dende Lenin, aos Medios de Comunicación.

E agora, dende o Radio Clube Portugues, falamos para o pobo galego.